

Informe MD.56.REV.01

Revisión do sistema de xestión da calidade (SXC) pola dirección

Centro: CMUS Profesional de Vigo

Curso: 2014 - 2015

Trimestre: Final

Data:



Índice

1. Revisión e aprobación da acta da reunión anterior (seguimento das accións previstas)	3
2. Grao de cumprimento do Proxecto Educativo / Programación Xeral Anual	3
3. Grao de desempeño dos procesos	4
4. Non conformidades, acción correctivas e preventivas	4
4.1 Non conformidades (NC) acontecidas	5
4.2 Estado das accións correctivas (AC) e preventivas (AP)	5
5. Información relativa á satisfacción do alumnado e outras partes interesadas (enquisas, estudos, suxestións, queixas, reclamacións, etc)	5
5.1 Análise de enquisas de satisfacción	5
5.2 Suxestións, queixas e reclamacións (SQR)	6
6. Resultado das auditorías internas e externas	7
6.1 Auditoría interna	7
6.2 Auditoría de certificación	8
7. Circunstancias externas que poidan xustificar a revisión do SXC	9
8. Revisión da Política de Calidade	9
9. Recomendacións para a mellora	9
10. Resultados da Revisión – Conclusións	11
10.1 A mellora da eficacia do sistema de calidade e dos seus procesos	11
10.2 A mellora do servizo en relación cos requisitos do cliente	11
10.3 A necesidade de recursos	13



1. Revisión e aprobación da acta da reunión anterior (seguimento das accións previstas)

Neste punto non se recolle información algunha debido a que non se realizou revisión do Sistema Xeral de Calidade con anterioridade ao presente curso 2014/2015.

2. Grao de cumprimento do Proxecto Educativo / Programación Xeral Anual

A continuación presentamos a táboa de seguimento dos obxectivos, que poderán encontrar máis detallada no documento de seguimento dos obxectivos que adxuntamos como Anexo I.

14-15				Área vicedirección e calidade			
				Nº de obxectivos	Nº de obxectivos acadados	Nº de actividades	Nº de actividades realizadas
CMUS Profesional de Vigo				3	2	7	7
Área de administración e xestión				Área de formación			
Nº de obxectivos	Nº de obxectivos acadados	Nº de actividades	Nº de actividades realizadas	Nº de obxectivos	Nº de obxectivos acadados	Nº de actividades	Nº de actividades realizadas
3	3	7	6	4	4	14	13

Como se pode apreciar na táboa, o grao de cumprimento dos obxectivos propostos para o curso 2014/2015 resultou satisfactorio en liñas xerais, habendo un único obxectivo que non se acada totalmente senón de xeito parcial.

Desde a área de Vicedirección e Xefatura de Estudos:

- Organizáronse charlas informativas para alumnado e pais sobre probas de acceso, optativas, etc., contribuíndo dese xeito a complementar con orientación a formación ofrecida no centro.
- Estase a fomentar o traballo e a comunicación interdepartamental a través dunha serie de actividades encamiñadas a enriquecer a formación que ofertamos no centro, así como a facilitar
- Neste curso, un ano máis continúaase a impulsar o uso da biblioteca a partir do deseño e realización de actividades nela por parte do coordinador, así como a facilitar ó alumnado o seu acceso a través da mellora da información.



- Colaborouse na organización e tramitación de grupos de traballo, fomentando, deste xeito a participación do profesorado en actividades de formación.
- Foi posible a habilitación dun lugar de traballo para o Equipo de Actividades do centro, facilitándolle con elo o desempeño das súas tarefas e xestións.
- Desde a área de administración e xestión:
- profesorado progresivamente está aproveitando mellor as posibilidades do programa Centros-Net, despois da realización de titoriais de dito programa.
- Consello Escolar foi adaptado segundo a nova norma a través da elección de novos membros así como da renovación de candidaturas.

No tocante ao obxectivo que se acada parcialmente, é o seguinte: “Dotar aos departamentos de instrumental e material de primeira necesidade e renovar o que sexa obsoleto”, obxectivo que a práctica non depende totalmente do conservatorio, debido a que os recursos económicos cos que contamos son limitados e dependemos da Consellería para poder levalo a cabo. Por unha banda, as actividades propostas para a consecución deste obxectivo foron realizadas, incluíndo a remisión á Consellería da proposta de petición de material necesario que aínda non foi contestada, polo que seguimos á espera de dita resposta co fin de seguir avanzando no noso cometido.

Neste curso reorganizouse todo o espazo wi-fi do centro, foron asinados novos protocolos de codificación con novas claves, ademais de ampliar as zonas de cobertura dentro do edificio. Con esta nova infraestrutura tamén está cuberta a primeira planta do edificio, co que está cuberta a totalidade do mesmo. A partir deste momento será cuestión de ir supervisando e mellorando a cobertura da rede nos diferentes andares. Para o vindeiro curso seguirase a traballar na procura de novos enrutadores para distribuír o sinal wi-fi por todas as zonas comúns do conservatorio polo que non se trataría dunha actividade non realizada como aparece na táboa de seguimento do plan anual, senón dunha actividade planificada para realizar por partes debido a motivos económicos, e que por tanto terá continuidade.

Por último, no que concerne a actividades non realizadas encontrámonos coa idea de abrir a biblioteca todas as tardes dende as 16:00 ata as 21:00 ademais de, polo menos, dúas mañáns. Finalmente, isto non puido ser conseguido polo aumento de alumnado no noso centro, xa que moitas das nosas clases son individuais e dito aumento da lugar a que o profesorado non teña dispoñibilidade horaria para realizar gardas de biblioteca. A pesar disto o horario viuse ampliado con respecto ao curso anterior e seguirase a traballar na procura de seguilo aumentando.

3. Grao de desempeño dos procesos

O cadro de indicadores adxúntase como documento anexo II.

4. Non conformidades, acción correctivas e preventivas



4.1 Non conformidades (NC) acontecidas

Adxúntase como anexo III o informe de non conformidades onde poden consultar con detalle as mesmas.

4.2 Estado das accións correctivas (AC) e preventivas (AP)

Todas as non conformidades foron abertas neste curso xa que é cando se pon en marcha no centro o proceso de certificación. Por esta razón as accións correctivas serán levadas a cabo no vindeiro curso escolar 2015-2016, sendo estas descritas no informe de non conformidades que se adxunta como anexo a este documento, especificando ademais prazo para a realización.

5. Información relativa á satisfacción do alumnado e outras partes interesadas (enquisas, estudos, suxestións, queixas, reclamacións, etc)

5.1 Análise de enquisas de satisfacción

Nome do centro	Acollemento alumnado	Actividades complementarias a formación	Satisfacción da labor docente	Formación do persoal	Satisfacción do persoal
CMUS Profesional de Vigo	-	-	-	-	-

Resultados e comentarios

No relativo ás enquisas de acollemento ao alumnado, de actividades complementarias á formación e de satisfacción coa labor docente, actualmente estase a traballar na súa elaboración para pasar a implementalas no vindeiro curso 2015/2016.

Cabe destacar que se levaron a cabo xornadas de acollemento para o novo alumnado coordinadas desde a vicedirección do centro nas que se visitaron as instalacións e se impartiron charlas informativas, polo que, en canto poidamos dispoñer das enquisas de satisfacción de ámbolos dous puntos, cumpriremos con este requisito, deixando ademais evidencia documental que avalíe este proceso.

As enquisas de satisfacción do persoal tamén se encontran en proceso de elaboración con vistas a poder cumprir igualmente este outro requisito.

En canto ás actividades de formación do persoal estamos á espera de poder ter acceso ás puntuacións das enquisas de satisfacción dos cursos de formación organizados desde os CFR e que incorporaremos como dato para ser estudado neste punto.



5.2 Suxestións, queixas e reclamacións (SQR)

Descrición	Suxestións	Queixas	Reclamacións
TOTAL			

Observacións



6. Resultado das auditorías internas e externas

6.1 Auditoría interna

Datas de realización: _____

RESUMEN DO NÚMERO DE NON CONFORMIDADES	
REQUISITOS DO SISTEMA DA CALIDADE	Total NC
Sistema de xestión da calidade	
4.1 Requisitos xerais	
4.2 Requisitos da documentación	
Responsabilidades da dirección	
5.1 Compromiso da dirección	
5.2 Enfoque ao cliente	
5.3 Política da calidade	
5.4 Planificación	
5.5 Responsabilidade, autoridade e comunicación	
5.6 Revisión pola dirección	
Xestión dos recursos	
6.1 Provisión de recursos	
6.2 Recursos humanos	
6.3 Infraestrutura	
6.4 Ambiente de traballo	
Realización do produto	
7.1 Planificación da realización do produto	
7.2 Procesos relacionados co cliente	
7.3 Deseño e desenvolvemento	
7.4 Compras	
7.5 Produción e prestación do servizo	
7.6 Control dos dispositivos de seguimento e medición	
Medida, análises e mellora	
8.1 Xeneralidades	
8.2 Seguimento e medición	
8.3 Control do produto non conforme	
8.4 Análise de datos	
8.5 Mellora	



Nº de desviación/ observación	Descrición	Informe de AC
Observacións		

6.2 Auditoría de certificación

Datas de realización: _____

RESUMEN DO NÚMERO DE NON CONFORMIDADES	
REQUISITOS DO SISTEMA DA CALIDADE	Total NC
Sistema de xestión da calidade	
4.1 Requisitos xerais	
4.2 Requisitos da documentación	
Responsabilidades da dirección	
5.1 Compromiso da dirección	
5.2 Enfoque ao cliente	
5.3 Política da calidade	
5.4 Planificación	
5.5 Responsabilidade, autoridade e comunicación	
5.6 Revisión pola dirección	
Xestión dos recursos	
6.1 Provisión de recursos	
6.2 Recursos humanos	
6.3 Infraestrutura	
6.4 Ambiente de traballo	
Realización do produto	
7.1 Planificación da realización do produto	
7.2 Procesos relacionados co cliente	
7.3 Deseño e desenvolvemento	
7.4 Compras	
7.5 Produción e prestación do servizo	
7.6 Control dos dispositivos de seguimento e medición	
Medida, análises e mellora	



RESUMEN DO NÚMERO DE NON CONFORMIDADES	
REQUISITOS DO SISTEMA DA CALIDADE	Total NC
8.1 Xeneralidades	
8.2 Seguimento e medición	
8.3 Control do produto non conforme	
8.4 Análise de datos	
8.5 Mellora	

Nº de desviación/ observación	Descrición	Informe de AC
Observacións		

7. Circunstancias externas que poidan xustificar a revisión do SXC

Neste momento non se valora a revisión do SXC por estar en proceso de certificación.

8. Revisión da Política de Calidade

Vista a Política de Calidade esta non se modifica unido ao feito de toparnos en proceso de certificación como así se expuxo no punto anterior.

9. Recomendacións para a mellora

1. Conviría revisar e mellorar a correspondencia dos obxectivos da PXA cos do PEC, así como traballar con obxectivos máis facilmente medibles.
2. Hai que consensuar os ítems e elaborar as enquisas de satisfacción das partes interesadas.
3. Aínda que se están a realizar os procedementos descritos nelas de forma presencial convén elaborar as guías do alumnado, profesorado e PAS e decidir a maneira de difundilas.
4. Unha vez realizados os procesos de acollemento hai que pasar o documento de xustificación de dita acción.
5. Convén adaptar as programacións didácticas ao modelo aportado desde o SXC.



6. Para o cumprimento do requisito da norma débese realizar a avaliación dos provedores.
7. Valorar as seguintes propostas dos departamentos didácticos:
 - Departamento de canto
 - Manter a C9 como aula de traballo.
 - Dispor de material audiovisual específico na aula (cámara de vídeo, trípode e ordenador), que permita a gravación habitual e espontánea das clases, sen necesidade de complicadas quendas e solicitudes de material compartido con outros departamentos.
 - Departamento de composición
 - Na Aula de NNTT este ano houbo que substituír dous ordenadores nos que deixou de funcionar o disco duro. Hai outros dous que teñen moitos problemas de funcionamento e en xeral o resto están moi ralentizados e colgáanse con bastante asiduidade. É necesario pensar na substitución de todos os equipos no prazo máis breve posible, xa que incide negativamente no desenvolvemento normal da clase.
 - Solucionar os problemas de calefacción da aula C10.
 - Tal como se fixo neste curso, o feito de non impartir seguidas as dúas horas da materia de historia da música considérase o máis recomendable, polo que se propón que para o curso vindeiro este criterio volva a ser tido en conta.
 - Departamento de conxunto
 - É moi operativo e útil facer coincidir horas de audicións con horas de clases de conxuntos numerosos, Orquestra, Bandas e Coros, algo que se fixo neste curso e que funcionou de forma axeitada.
 - Solicítase o seguinte material para as clases da E-Jazz Band: piano, teclado Hammond SK1, amplificador de guitarra, amplificador de baixo eléctrico, pantalla e proxector de imaxes.
 - Dende Orquestra, Banda e Coro pídesse dotación económica para comprar partituras.
 - Departamento de Linguaxe Musical
 - Mellora da conexión a internet.
 - Departamento de Percusión
 - Mellora da conexión a internet.
 - Necesidade de material instrumental.
 - Departamento de Piano acompañante
 - Levar a cabo as presentacións de canto antes que as de piano.
 - Solicitar á Dirección que na medida das posibilidades se cambien as horas de gardas dos/as pianistas acompañantes por horas de acompañamento.
 - Departamento de vento metal
 - Aulas mellor equipadas (ordenador, sordinas, metrónomo dixital, afinador, etc...).
 - Mellora da conexión a internet.
 - Departamento de Vento Madeira
 - Ter dous grupos de conxunto de clarinetes (este ano, só houbo un grupo, e traballáronse máis obxectivos relacionados coa materia de banda, que coa materia de conxunto). No



caso de que haxa dous grupos de conxunto, a súa proposta é que sexa en horarios distintos para que os dous grupos poidan empregar o material do centro (clarinete baixo e requinto).

- Para un mellor resultado dos ensaios e audicións con piano acompañante, propónse que os pianistas acompañantes atendan por instrumentos en lugar que por alumnado dun ou doutro profesor, xa que terán que preparar menos obras e o seu labor verase facilitado.

10. Resultados da Revisión – Conclusións

Neste punto incluiremos as decisións e accións que a dirección tomará en cada apartado dos seguintes despois de realizada a análise dos datos obtidos a través da revisión do sistema de xestión da calidade.

10.1 A mellora da eficacia do sistema de calidade e dos seus procesos

Debido a que estamos en proceso de certificación e de coñecemento e implantación gradual da norma no noso centro non se dispón de datos suficientes para considerar a necesidade ou non derealizar cambios no sistema de xestión actual.

10.2 A mellora do servizo en relación cos requisitos do cliente

1. En canto á conveniencia dunha mellor correspondencia dos obxectivos do PEC cos da PXA, traballarase nestes últimos adaptándoos mellor aos do PEC ademais de redactalos de xeito que sexan obxectivos medibles e acadables.
2. Para obter os datos de satisfacción das partes interesadas, unha vez rematadas as enquisas estas serán distribuídas da forma máis conveniente para recabar os datos necesarios. Prevese que sexa o vindeiro curso 2015-2016 cando se poña en marcha o procedemento de avaliación da satisfacción.
3. Como se comentou en puntos anteriores, o acollemento ao profesorado realízase persoalmente polo xefe de estudos ou a persoa designada a tal fin, pero ao non entregar posteriormente o xustificante do acollemento non se conservaron evidencias documentais de tal proceso. A partir do vindeiro curso procederase á entrega de dito documento xunto co acceso á guía do profesorado, que será elaborada entre o primeiro e segundo trimestre.
4. Da mesma maneira as visitas e charlas de acollemento ao alumnado son levadas a cabo por medio do xefe de estudos e a coordinadora do grao elemental, ademais do profesorado de linguaxe musical dos cursos 1º de grao elemental e 1º de grao profesional debido á facilidade de acceso ao maior número de alumnos e alumnas. A partir do curso 2015-2016 este proceso verase reforzado tamén pola guía do alumnado, que será elaborada tamén entre o primeiro e o segundo trimestre, e que será publicada na web.
5. Procederase á celebración dunha reunión da CCP ao longo do primeiro trimestre na que se explicará aos xefes de departamento o novo modelo de programación didáctica para que o proceso de adaptación a este sexa levado da maneira máis satisfactoria ao longo do vindeiro curso e poidan estar todas rematadas en xuño do 2016.



6. Durante o primeiro trimestre do curso 2015-2016 levarase a cabo a primeira avaliación dos provedores co fin de elaborar a listaxe de provedores homologados e comprobar se cumpren cos servizos contratados de maneira axeitada.
7. Unha vez estudadas e analizadas as propostas dos departamentos didácticos tomaranse as seguintes medidas:
 - Departamento de canto
 - Manterase a C9 como aula de traballo.
 - Comprárase un ordenador portátil para uso de todo o profesorado que estará ubicado na conxersería, ao igual que unha cámara de vídeo e trípode que estarán dispoñibles en calquera momento sen necesidade de facer peticións.
 - Departamento de composición
 - Sostituíranse 6 ordenadores por uns novos e reparañanse ordenadores, teclados e ratos.
 - Procederáse á instalación de tres calefactores nas aulas C9, C10 e C1.
 - Manterase para o vindeiro curso 2015-16 a proposta de non impartir dúas horas seguidas da materia de historia da música.
 - Departamento de conxunto
 - No vindeiro curso farase coincidir un ano máis as horas de audicións con horas de clases de conxuntos numerosos, Orquestra, Bandas e Coros
 - Comprárase un amplificador de guitarra para a E-Jazz Band.
 - A axuda do PLAMBE do vindeiro curso invertírase na compra de material para as materias de Banda, Orquestra e Coro.
 - Departamento de Linguaxe Musical
 - Seguirase coa mellora dos puntos de conexión.
 - Departamento de Percusión
 - Seguirase coa mellora dos puntos de conexión e instálase na Aula Magna un novo punto de WIFI.
 - Reiteraremos a nosa petición de material de percusión á Consellería.
 - Departamento de Piano acompañante
 - No vindeiro curso 2015-2016 as presentacións de canto levaranse a cabo antes que as de piano.
 - As horas de garda dos pianistas acompañantes nas que haxa dispoñibilidade de aula poderanse usar para ensaios o estudo
 - Departamento de vento metal
 - Compráranse metrónomos e afinadores
 - Seguirase a traballar na mellora da conexión a internet.
 - Departamento de Vento Madeira
 - Tentárase formar dous grupos de conxunto de clarinete no vindeiro curso 2015-2016
 - Na medida do posible no vindeiro curso cada pianista acompañante traballará co alumno dunha soa especialidade instrumental



10.3 A necesidade de recursos

Realizado o estudo e análise da situación actual do noso centro considéranse necesarios:

- Recursos materiais: Material instrumental, equipos informáticos e
- Recursos humanos: Aumento do cupo de vacantes do centro pola demanda, algo que se ve reflectido nas amplas listaxes de espera coas que o conservatorio conta despois de realizadas as probas de acceso.

En Vigo, a 2 de Decembro de 2015.

A Dirección do CMUS Profesional de Vigo